



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos. Creación Bolsa de traballo TERAPEUTA OCUPACIONAL para o Centro de Día do Concello de Lousame. 2021.

Expediente: 2021/G003/000226 – 2021/E001/000005

María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, e no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

1. Providencia da Alcaldía, do 15.02.2021, incoando o procedemento administrativo.
2. Memoria xustificativa da Concelleira con delegacións en Servizos Sociais, do 15.02.2021, da necesidade da contratación administrativa.
3. Informe do Técnico de Administración Xeral do Concello de Lousame, do 15.02.2021.
4. Proposta de Bases de Selección para a creación dunha Bolsa de Emprego, do 15.02.2021.
5. Informe de Secretaría-Intervención do Concello de Lousame, do 16.02.2021
6. Decreto núm. 71/2021 de data 16.02.2021 polo que aproban as bases reguladoras da convocatoria formación dunha bolsa de emprego para realizar contratación laborais temporais de persoal TERAPEUTA OCUPACIONAL para o Centro de Día do Concello de Lousame.
7. Decreto núm. 175/2021 de data 07.04.2021 polo que aproba a lista provisional de admitidos e excluídos provisionais no procedemento para a formación dunha bolsa de emprego para realizar contratación laborais temporais de persoal TERAPEUTA OCUPACIONAL para o Centro de Día do Concello de Lousame.

A vista do anterior, transcorrido o prazo para presentacións de reclamacións e emendas dos defectos de documentación, resoltas as mesmas e en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- En virtude do disposto no artigo 4 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, nomear o Tribunal cualificador, formando parte integrante do mesmo:

Presidente: D. Arturo Barreiro Tubío.
Vogais: D. Mónica Castaño Ourille.
D. José Manuel Outeiral.
D. María Filgueira Pérez.
Secretario: D. José Martínez Redondo.

Suplentes:
Presidente: D. Natividad Hermo Santos.
Vogais: D. María del Pilar Calvo Abelleira.
D. María Aurora Froján Sedoiteo





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D. Olga Filgueira Blanco.
Secretaria: D. Paula Ares Otero.

SEGUNDO.- A constitución do Tribunal e comezo do proceso selectivo levarase a cabo o vindeiro **MARTES 27 de abril de 2021**, no salón de sesións da Casa do Concello ás **10:00 horas**.

- A proba específica de **coñecemento da lingua galega** realizarase o **martes día 27 de abril de 2021 ás 10:00 horas** na Casa da Cultura do Concello.
- **A entrevista persoal** para a avaliación da adecuación da persoa candidata ao posto de traballo e os seus coñecementos teóricos e prácticos como persoal TERAPEUTA OCUPACIONAL **realizarase o Martes 27 de abril de 2021 a partir das 11:00 horas** por orde alfabético.

TERCEIRO.- Aprobar e publicar no taboleiro de anuncios municipal a seguinte lista de admitidos e excluídos definitiva para o citado proceso selectivo:

	Nome e apelidos	Admitido/a	Causa de exclusión
1.	ALBA SOUTO MOREIRA	SI	
2.	ANA MARIA GARCÍA GARCÍA	SI	
3.	BERTA LORENZO PAZOS	SI	
4.	CARLOS MILLET FERNÁNDEZ	SI	
5.	MARÍA ROO TUBÍO	SI	
6.	MARTA SANTOS ESPINOSA	SI	Pendente proba de galego
7.	NATACHA REYES LÓPEZ	SI	Pendente proba de galego
8.	OMAR GARZA CORRAL	NON	Non acredita carné manipulación de alimentos
9.	REBECA CORDO CASTAÑEDA	SI	
10.	VANESA TUBÍO TUBÍO	SI	

CUARTO.- Publicar a presente resolución de admitidos/as excluídos/as provisionais no taboleiro de anuncios do Concello máis na páxina WEB municipal de acordo co previsto nas bases que rexen este procedemento.

Mándao e asínao a Alcaldía, en Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa.

*A secretaria-interventora
(no exercicio da función de fe pública, ao abeiro do
artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de marzo)*

M^a Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

